



Gañemos

CCOO



Encontro Estatal

6 e 7 de decembro en Madrid

Participa!

Participa no Encontro Estatal de Gañemos CCOO para debater a extensión de esta iniciativa e as perspectivas xerais para o noso sindicato nun momento de cambio político trascendental, de crise capitalista e de ofensiva sen cuartel do goberno e a patronal contra os dereitos sociais. Facemos un chamamento a todos os compañeiros que se teñen sumado ao Manifesto (ver reverso), e a todos os que queren un cambio profundo no noso sindicato, para que asistades ao Encontro, que se celebrará o sábado 6 de decembro (de 16:00h a 21:00h) e concluirá o domingo 7 de decembro (de 10:00h a 13:00h).

Para participar só hai que inscribirse cubrindo o formulario que atoparás en www.ganemoscco.org, onde tes máis detalles do encontro.

www.ganemoscco.org

¡GANEMOS CCOO para os traballadores e traballadoras!

¡A pinga que colmou o vaso! ¡Fóra os arribistas e os corruptos de CCOO! ¡Basta de paz social e desmobilización!

1 A fraude de 15,5 millóns de euros perpetrado por conselleiros e directivos de Caixa Madrid e Bankia coas “tarxetas opacas”, é o último exemplo da corrupción que carcome o capitalismo español. As consecuencias da implicación de seis conselleiros de CCOO, que se apropiaron de case 800.000 euros en dez anos, son de tal envergadura que comprometen o futuro da nosa organización.

2 Aínda que a Comisión Executiva Confederal de CCOO aprobou unha resolución suspendendo cautelarmente de militancia aos seis representantes do sindicato en Bankia, non podemos esquecer as declaracións do secretario xeral de CCOO, Ignacio Fernández Toxo, nas que afirmaba non sentirse decepcionado polo até hai pouco membro da Executiva Confederal Rodolfo Benito, entendendo que non actuara “de forma ilegal nin en beneficio propio”, e que a súa decisión de dimitir “hónralle”.

3 En lugar de defender os intereses de miles de familias desafiuzadas e estafadas coas preferentes, os conselleiros do noso sindicato participaron no saqueo dunha caixa de aforros pública. Se o compañeiro Toxo considerou que non era un comportamento ilegal nin en beneficio propio, nós dicimos que foi unha utilización noxenta das siglas de CCOO e unha proba máis do profundo abismo que separa a moitos dirixentes do noso sindicato da dura realidade que constitúe o día a día da clase obreira.

4 É un insulto á intelixencia dos traballadores e dos afiliados de CCOO, que tanto Toxo como a Comisión Executiva Confederal pretendan alegar que descoñecían o que ocorría en Caja Madrid e en Bankia pois, desgraciadamente, trátase da práctica habitual coa que se conducen nas súas relacións cos bancos, cos gobernos central e autonómicos e a CEOE. A súa obsesión por actuar como “homes de Estado”, arrástralos, inevitablemente, a compartir obxectivos comúns cos grandes poderes que teñen nas súas mans as rendas da sociedade, os partidos que se alternan no goberno, os banqueiros e os grandes empresarios. A cambio, reciben xenerosas subvencións do Estado e participan en decenas de consellos de administración.

5 Estes casos de corrupción na cúpula de CCOO son o froito inevitable da súa política de paz social e consensos, de desmobilización, de asinar acordos que nos fan perder dereitos e conquistas sociais. Para impoñer esta política pactista, foi necesario promover aos órganos de dirección a moitos elementos dereitistas e faltos de escrúpulos, como ocorreu co anterior secretario xeral José María Fidalgo, hoxe comodamente instalado na contorna do PP baixo o abrigo de José María Aznar, ou con M^a Jesús Paredes, ex secretaria xeral da federación de banca, cuxo marido, Francisco Baquero Noriega, foi conselleiro de CCOO en Bankia e gastou da tarxeta opaca ¡266.400 euros! Este proceso fíxose a costa de marxinar a moitos sindicalistas honestos ou, até, de poñelos aos pés dos cabalos nas súas empresas.

6 Como sindicalistas e afiliados que defendemos as tradicións combativas de CCOO, non podemos permanecer pasivos ante unha situación que pode acabar conducindo á destrución do noso propio sindicato. As dimisións ou suspensións de militancia dos pillados nas patacas son completamente insuficientes. Os máximos dirixentes confederais son á súa vez os máximos responsables políticos desta situación. Xa que logo, esiximos a dimisión de toda a Comisión Executiva Confederal de CCOO, xunto coa de todos os cadros implicados dun ou outro xeito en corruptelas.

7 Para salvar e defender a CCOO debe celebrarse un debate democrático en todo o sindicato que dea o protagonismo aos afiliados e que culmine nun congreso extraordinario con delegados elixidos directamente pola base.

8 O único xeito de combater a corrupción é practicando un sindicalismo combativo, de clase e democrático. Os abaixo asinantes chamamos a todos os afiliados e afiliadas de CCOO, a todo o movemento obreiro, a loitar por GANAR CCOO PARA OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS. Súmate a este manifesto, difúndeo, envía resolucións e cartas de protesta á Executiva Confederal. É o momento de dar unha resposta colectiva e organizada fronte aos que están destruindo un sindicato construído durante décadas co sacrificio da clase obreira. As xenuínas Comisións Obreiras son hoxe máis necesarias ca nunca.

¡Vivan as CCOO!

Súmate a este Manifesto enviando o teu nome, apelidos, localidade e federación á que pertences a: ganemosCCOO@gmail.com

www.ganemosccoo.org